

**PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES EN RELACIÓN AO CAMBIO DE TITULARIDADE DE TERREOS NECESARIOS PARA DESENVOLVER O “ITINERARIO DE MOBILIDADE ALTERNATIVA NA DP-5903, P.Q. 1+635 A P.Q. 4+435” POLO CONCELLO DE ORDES**

Na Coruña, a 20 de abril de 2023, na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

De unha parte, D.Xosé Luis Penas Corral ,en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. José Luis Martínez Sanjurjo, actuando en nome do Concello de Ordes.

Os comparecientes interveñen en uso das súas facultades que, por razón dos seus cargos, lle están atribuídas

**MANIFESTAN**

O principio constitucional de colaboración entre as distintas Administracións Públicas que integran o Estado, así como a eficiencia que deben presidir a actuación das mesmas, implica poner a disposición de calquera delas os medios que precisen para o mellor exercicio das súas funcións.

O Concello de Ordes solicita o cambio de titularidade dos terreos necesarios para desenvolver o “Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903, P.Q. 1+635 a P.Q. 4+435”, terreos que constan no Inventario de estradas desta Deputación Provincial.

A realización destas obras, cuxo cambio de titularidade se pretende, melloraría a seguridade vial da estrada, contribuíndo, así mesmo, ao enriquecemento do medio ambiente.

Os terreos desta Deputación Provincial que se precisan para desenvolver o “Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903, p.q. 1+635 a p.q. 4+435”, atópanse totalmente integrados no núcleo urbán do Concello de Ordes, polo que o devandito Concello está interesado na cesión dos mesmos co fin de levar a cabo o seu proxecto, previa tramitación do correspondente expediente e a recepción de toda a documentación precisa e suxeita ás condicións relacionadas co mesmo.

Así mesmo, o Concello de Ordes resultou ser beneficiaria dunha subvención para a execución do devandito proxecto “Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903, p.k. 1+635 a 4+435” acordada por Resolución Definitiva do Instituto para la Transición Justa, de 20 de marzo do 2023, subvención convocada polo Instituto para a Transición Xusta ao

abeiro da “Orde TED/1476/2021, de 29 de decembro, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, transformación e Resiliencia”.

Para a obtención da referida subvención, o Concello de Ordes deberá xustificar a cesión dos terreos desta Deputación Provincial necesarios para a execución do proxecto.

Por iso, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes **ACORDAN** formalizar o presente **PROTOCOLO DE INTENCIONS** conforme ás seguintes **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto do presente protocolo, consiste en establecer as bases de colaboración entre esta Deputación e o Concello de Ordes para o cambio de titularidade a favor deste último, dos terreos de titularidade desta Deputación que sexan precisos para desenvolver o “Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903, p.q. 1+635 a p.q. 4+435”, unha vez aprobada pola Xunta de Galicia, por ser de interese para as dúas partes por sopoñer unha mellora para o medio ambiente e a seguridade vial.

### **SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO**

En canto á natureza xurídica do protocolo, é oportuno sinalar que o art. 47.1 da Lei 40/2015 establece que:

*“Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeneral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles”*

Por outra banda, en canto á natureza xurídica da cesión dos terreos obxecto do presente protocolo, cómpre dicir que a estrada DP-5903 consta como ben inscrito no Inventario de Bens da Deputación, no Epígrafe 1.2 Tramos de estrada, coa clasificación de ben de dominio público pola súa adscripción ao uso público. O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades Locais (en adiante RBEL) sinala no seu artigo 1.2 a lexislación aplicable ao réxime de bens.

Segundo o dito artigo é preciso ter en conta ademais da lexislación básica en materia de réxime local e a reguladora do réxime xurídico dos bens das Administracións Públicas, a que dicten as Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias.

Neste caso son de aplicación,

- a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (en adiante LPAP)
- a Lei 5/2011, do 30 de setembro, Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, artigos 17,25 e 29,(en adiante LPCAG), que é de aplicación ás entidades que integran a

Administración local, en virtude do disposto na disposición adicional segunda do citado corpo legal .

O artigo 29.1 da LPCAG establece o seguinte:

*“A titularidade dos bens inmobles e dereitos demaniales do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá ser transmitida a outras administracións públicas, para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da administración pública receptora dos bens ou dereitos.*

A Deputación da Coruña ostenta a titularidade sobre a estrada DP 5903 conforme consta no catálogo de estradas da rede de titularidade desta Deputación Provincial da Coruña, aprobado por acordo do Pleno desta Deputación en sesión celebrada o 30 de abril de 2021 e cuxo acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 84 de 6 de maio de 2021.

Segundo o artigo 2 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia, as ditas estradas forman parte do dominio público viario.

Neste sentido, dado que o ben cuxa titularidade se transfire é unha estrada hai que observar as particularidades previstas no artigo 9 da Lei de Estradas de Galicia 8/2013 que establece o seguinte:

*“4. Os cambios de titularidade de estradas ou de tramos destas, cando non se trate de travesías urbanas ou tramos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de estradas e previo acordo entre as administracións afectadas*

*5. Os cambios de titularidade das travesías urbanas ou de tramos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, cando adquiren a consideración de vías urbanas, realícense a favor do concello polo que estes discorran e exista acordo entre este e a administración titular da estrada, poderán ser aprobados pola consellería competente en materia de estradas. No resto dos casos, deberán ser aprobados, de maneira motivada, por decreto da Xunta de Galicia, a proposta da citada consellería.*

*6. As resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade das estradas obxecto desta lei deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel. No caso de que unha das administracións afectadas sexa a Administración xeral do Estado, aplicarase a regulación sobre cambio de titularidade prevista na normativa estatal en materia de estradas.*

*7. Os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente. (...)*

En base ao anterior, unha vez aprobada a transmisión polo Pleno será necesario dar traslado á Xunta de Galicia para que proceda a súa aprobación.

## **TERCEIRA.- ACTA DE ENTREGA E ASUNCIÓN DE GASTOS DE CONSERVACIÓN**

Unha vez aprobado o cambio de titularidade e formalizada a acta de entrega dos terreos, o Concello de Ordes asumirá os gastos de conservación e mantemento dos mesmos.

#### **CUARTA.- EFICACIA**

A eficacia do presente protocolo queda condicionada á aprobación polo Pleno do cambio de titularidade dos terreos e a posterior aprobación pola Xunta de Galicia e a correspondente acta de recepción,

En todo caso, o prazo máximo de vixencia do presente Protocolo será dun ano, a contar desde a súa firma.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo, ambas as partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización, se non se producise a aprobación e formalización do convenio de cooperación ou calquera dos compromisos que se recollen no presente documento.

Así o din e asinan, por duplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

**O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DO  
CONCELLO DE ORDES**

**D. Xosé Luis Penas Corral**

**D. José Luis Martínez Sanjurjo**